



**PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DAS  
ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS  
curso 2014-2015**

**“Música e danza na escola”**

A concellería de Educación do Concello de Vigo, a través das súas escolas municipais de música e artes escénicas, pon en marcha, complementariamente a outras iniciativas de divulgación e promoción das súas actividades, o programa “Música e danza na escola” (continuidade dos anteriores programas “Tocar é sentir” e “Música na escola”), co obxecto de facer partícipes aos centros de ensino de primaria e secundaria da cidade da promoción e desenvolvemento de actividades artísticas e creativas relacionadas coa música, a danza e as artes escénicas.

Deste xeito, protagonizada polo profesorado das escolas municipais Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) e Escola Municipal de Danza (EMD), coa coordinación do Servizo municipal de Educación e coa imprescindible participación dos equipos responsables (profesorado e equipos directivos) dos centros de ensino, desenvolverase esta singular actividade, coas características que a continuación se detallan.

**CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROGRAMA “Música e danza na escola”**

As actividades desenvolveranse sempre en **martes lectivos**. O programa presenta dúas vertentes. Por unha banda, a posibilidade de desenvolver un **concerto didáctico no centro educativo** por parte do profesorado das escolas municipais (**Opción A**), e por outra, a posibilidade de que o centro educativo realice unha **visita didáctica ás escolas municipais** participantes (**Opción B**).

**OPCIÓN A**

**Concerto didáctico no centro educativo**

Características das actividades propostas e requisitos que deberán cumprir os centros, indicados por escolas:

**EMMV. Escola municipal de música de Vigo**

<b>Descrición</b>	concerto didáctico a cargo dun cuarteto de metais, con percusión, interpretando material de diversas épocas, facendo fincapé en versións do repertorio lixeiro do século XX
<b>Obxectivos</b>	reforzar coa audición en directo os conceptos musicais de timbre, intensidade, pulso, swing,... así como a “forma” dun concerto, a actitude no escenario, a actitude como público (silenzo, atención, aplauso,...)
<b>Duración</b>	40 minutos, aproximadamente
<b>Horario</b>	12,00h – 13,00h
<b>Requisitos</b>	precisase que o centro educativo dispoña de auditorio ou espazo apropiado para o seu desenvolvemento (salón de actos, sala grande). Facilitarase o acceso dos músicos (e os vehículos) ao espazo onde se desenvolverá a actividade

### **E-TRAD. Escola municipal de música folk e tradicional**

<b>Descrición</b>	concerto didáctico interpretado por cinco profesores, utilizando algúns dos instrumentos obxecto dos programas educativos da escola; o repertorio está baseado en adaptacións de músicas e cantos da tradición oral, pensadas para un público infantil e xuvenil
<b>Obxectivos</b>	familiarizar ao alumnado coa música tradicional e a súa instrumentación, procurando a súa participación a través de diferentes fórmulas, mesmo coa improvisación de grupo de escolares, dirixida polos profesores
<b>Duración</b>	50 minutos, aproximadamente
<b>Horario</b>	12,00h – 13,00h
<b>Requisitos</b>	precisase que o centro educativo dispoña de auditorio ou espazo apropiado para o seu desenvolvemento (cun escenario de dimensións mínimas de 8x3 metros, con tomas de corrente). Facilitarase o acceso dos músicos (e os vehículos) ao espazo onde se desenvolverá a actividade. O concerto está destinado a un número de escolares non superior a 100

### **EMD. Escola municipal de danza**

<b>Descrición</b>	concerto didáctico a cargo do profesorado da escola, interpretando pezas de danza tradicional, con traxes tradicionais, gaita e percusión tradicional
<b>Obxectivos</b>	dar a coñecer as principais características da danza tradicional galega, así como da instrumentación que a acompaña
<b>Duración</b>	40 minutos, aproximadamente
<b>Horario</b>	12,00h – 13,00h
<b>Requisitos</b>	precisase que o centro educativo dispoña de auditorio ou espazo apropiado para o seu desenvolvemento (cun escenario de dimensións mínimas de 4 x 4 metros). Facilitarase o acceso dos músicos e bailaríns (e os vehículos) ao espazo onde se desenvolverá a actividade

## **OPCIÓN B**

### **Visita didáctica ás escolas municipais**

Nesta opción, será o centro educativo o que se desprace á sede das escolas municipais. A actividade a desenvolver será semellante (en canto a descrición, obxectivos, duración e horario) á indicada na Opción A para cada escola, complementada cunha visita guiada ás súas dependencias.

Co fin de facilitar este desprazamento, o centro educativo poderá recurrir, se así o considera, aos recursos postos a disposición dos centros pola concellería de Educación do Concello de Vigo mediante o programa municipal VigoEduca, que financia, para cada centro educativo, un determinado número de transportes en autobús.

Características das instalacións das escolas municipais:

#### **EMMV**

<b>Enderezo</b>	Rúa Camiño do Regueiro, 1 - 36211 - Vigo
<b>Capacidade máxima</b>	75 alumnos

#### **E-TRAD**

<b>Enderezo</b>	Avenida de García Barbón, 5 - 36201 - Vigo
<b>Capacidade máxima</b>	60 alumnos

#### **EMD**

<b>Enderezo</b>	Praza do Rei 1, soto 1. - 36202 Vigo
<b>Capacidade máxima</b>	40 alumnos

## CÓMO PARTICIPAR NO PROGRAMA MUNICIPAL DE DIVULGACIÓN DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS “Música e danza na escola”

Cada centro educativo de primaria e secundaria da cidade poderá optar a participar **UN DÍA** neste programa, solicitándoo mediante correo electrónico ao enderezo **musicanaescola@vigo.org**. Non serán válidas as solicitudes presentadas por outros medios.

As datas asignaranse aos centros educativos por rigurosa orde de chegada das solicitudes que se presenten, debidamente cubertas, coa información que se indica a continuación. A **data tope** para presentar solicitudes será o **venres 13 de febreiro de 2015**.

No correo electrónico indicárase, obrigatoriamente, a seguinte información:

- 1) Nome do centro educativo
- 2) Escola municipal eleixida (EMMV, E-TRAD ou EMD)
- 3) Data eleixida (opcionalmente, data alternativa -para o caso de que xa non estivera dispoñible a data eleixida-)
- 4) Opción eleixida (A ou B)
- 5) Nome do profesor/a do centro encargado da actividade, así como datos de contacto
- 6) Nivel e número de alumnado participante
- 7) Capacidade do espazo destinado ao concerto (só para Opción A)
- 8) Outras consideracións

Os días dispoñibles son os seguintes (**martes lectivos** restantes do **curso 2014-1015**):

Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
24/02/2015	03/03/2015 10/03/2015 17/03/2015 24/03/2015	07/04/2015 14/04/2015 21/04/2015 28/04/2015	05/05/2015 12/05/2015 19/05/2015 26/05/2015	02/06/2015 09/06/2015

Unha vez pechada a programación xeral, farase chegar a cada centro educativo a información detallada (a modo de Unidade didáctica) da actividade na que vai participar, para un maior aproveitamento por parte dos participantes e como apoio aos docentes.

### RESUMO DO PROGRAMA “Música e danza na escola”

- x Dirixido ao alumnado de primaria e secundaria dos centros educativos da cidade
- x Participa o profesorado das escolas municipais EMMV, E-TRAD e EMD
- x Realízase os martes lectivos do que resta de curso 2014-2015
- x **Concerto didáctico no centro educativo** ou **visita didáctica a escola municipal**
- x As solicitudes de participación realizaranse exclusivamente mediante o correspondente correo electrónico a **musicanaescola@vigo.org**
- x A orde de chegada das solicitudes será determinante no caso de problemas de dispoñibilidade.
- x O prazo de presentación de solicitudes remata o venres 13 de febreiro.

GRAZAS POR PARTICIPAR